

A diversidade sexual nas aulas: homofobia e transfobia

Cristina Piñeiro Rial
Educatora Social

Clara Isabel Fernandes Rodicio
Profa. Doctora da Universidade de Vigo, cirodicio@uvigo.es

I. Marco teórico

O Bullying homofóbico é un tipo de violencia que se dirixe cara persoas pola súa orientación sexual e/ou entidade de xénero, percibida ou real (UNESCO, 2012). A homofobia é unha das principais causas de discriminación ~~des~~ nos centros de ensinanza. Así, o alumnado lesbio, gai, bisexual e transexual sofre este tipo de acoso específico, o cal pode traerlle consecuencias moi negativas, tanto na súa saúde física como na psicolóxica (Penna e Mateos, 2014).

O xénero apréndese e interiorízase a través da socialización das experiencias temperás da infancia, nunha apropiación de normas e papeis favorecedores de modelos patriarcais de masculinidade que xeran desigualdades (Ramíre e Uribe, 2008). As características que se atribúen a homes e mulleres son ríxidas e configuran, á súa vez, roles sociais inflexibles. A sociedade condena ás persoas cuxos comportamentos ou actitudes excedan ou superen o que se esperaba dun home ou dunha muller. Así, os homes moi cariñosos poden ser obxecto de burla e as mulleres que toman a iniciativa nas relacións afectivas ou sexuais son consideradas promiscuas (Platero e Gomez, 2007, p. 33).

O acoso escolar homofóbico é un tipo de violencia entre iguais que ten algúns elementos comúns coa violencia contra as mulleres, tal e como mencionamos anteriormente, ou co acoso laboral (mobbing): a violencia utilízase como mostra de poder ante quen ten poucas posibilidades de defenderse. Isto é posible pola impunidade, minimización e silencio que as rodea. Non son condutas facilmente identificables e pasan desapercibidas para o profesorado (Platero, 2008).

O estudo de Quiles e cols. (2003) sobre a homofobia manifesta e sutil trata de determinar se o prexuízo sutil e manifesto pode aplicarse ao prexuízo cara os homosexuais, tal e como pasa co racismo. A homofobia está presente en todo momento na sociedade. Ramos (2005) afirma que a homofobia é o medo a que outros homes revelen o entorno social que non alcanza os estándares para poder ser considerados verdadeiros homes.

Segundo Connell (2003) existe un modelo dominante de masculinidade, configurado polo patriarcado e que se define como unha masculinidade hexemónica, validando a violencia, a discriminación e o rexeitamento cara o feminino, desvalorizando aquilo que non cumpre coas esixencias que impón o masculino. Dita violencia é exercida tanto contra as mulleres como contra a comunidade

homosexual ou aquilo percibido como feminino ou non masculino (Lozano e Rocha, 2011).

2. Metodoloxía

Obxectivo xeral: determinar as actitudes cara a diversidade sexual (homofobia e transfobia) nos adolescentes de segundo e terceiro da E.S.O do Centro de Educación Secundaria de Galicia.

Para a análise das variables obxecto de estudo empregouse unha enquisa estandarizada seleccionada pola riqueza das súas preguntas e pola información que esta pode aportar. Así, esta enquisa parte do encargo da Concellería de Muller e Igualdade do Concello de Coslada á Área de Educación da FELGTB (fundador COGAM), incorporándose posteriormente ao Concello de San Bartolomé, Gran Canaria (FELGTB, 2008). Dita enquisa está composta por 33 preguntas que tratan de determinar a presenza dos adolescentes non heterosexuais nas aulas, o coñecemento dos e das adolescentes respecto á diversidade sexual, a presenza da homofobia, as reaccións e a presentación das aulas como espazos especialmente homófobos. As respostas son múltiples e dependen dos ítems.

3. Resultados


Estudar a orientación sexual das persoas é complicado xa que todas aquelas sexualidades que se apartan da sexualidade normativa, a heterossexualidade, están estigmatizadas na sociedade e non é fácil recoñecerse ao marxe da norma, non so ante os demais, senon tamén ante un mesmo (Pichardo e Molinuevo, 2008). Son os propios adolescentes os que recoñecen que non sería fácil nin seguro recoñecerse como gay, lesbiana, bisexual ou transexual no instituto.

Como podemos observar na Taboa I e cadros seguintes, non existe diferenza significativa entre rapazas e rapaces, xa que o porcentaxe de quenes se senten atraídos/as por persoas do mesmo sexo ou do sexo oposto é moi similar:

Taboa I: Alumnos/as que se senten atraídos/as por persoas do mesmo sexo ou do sexo oposto.

ORIENTACIÓN SEXUAL	SEXO		TOTAL
	HOME	MULLER	
Sempre por chicos	1	53	54
Maiormente por chicos e as veces por chicas	0	3	3
Por chicas e chicos por igual	0	0	0
Maiormente por chicas e as veces por chicos	0	0	0
Sempre por chicas	59	0	59
Non o teño claro	0	1	1
Prefiro non contextar	3	0	3
NS/NC	4	4	8
TOTAL	67	61	128

Figura 1: Alumnos/as que se senten atraídos por persoas do mesmo sexo ou do sexo oposto.



Ao igual que no estudo levado a cabo por FELGTB, nestes gráficos podemos comprobar cómo os porcentaxes son moi similares entre rapaces e rapazas, aínda que cando falamos de diversidade sexual sempre solemos pensar en varóns homosexuais.

No estudo de comparación amósanse 20 persoas que se califican como homosexuais e 15 como lesbianas pero estamos falando de unha poboación de 2.182 homes e 2.328 mulleres polo que os datos se atopan correlacionados se miramos esta taboa con menos poboación estudada. En ambos estudos se pon de manifesto que, aínda que unha gran maioría das persoas entrevistadas expresa unha atracción exclusiva por persoas do sexo oposto, non son a totalidade dos estudantes. Hai unha poboación do 6% que non responde á pregunta, fronte a unha poboación do 10% que non respondeu no estudo comparativo. Parece claro que hai algo que este grupo de adolescentes non queren dicir xa que, a pesar de ter a opción de “Prefiro non contextar a esta pregunta”, non marcan nada (Pichardo e Molinuevo, 2008). Ademais, tamén é necesario mencionar que, dos 128 alumnos e alumnas, unha rapaza asegura “non o ter claro”. Outro dos datos que nos aporta este estudo é o coñecemento que teñen os e as adolescentes respecto da diversidade sexual. Unha parte reseñable dos estudantes di coñecer a algunha persoa que é gai, lesbiana, bisexual ou transexual. Os máis visibles e coñecidos son os homes gais (igual que no estudo de Pichardo e Molinuevo, 2008), tal e como se pode ver na taboa.

Taboa 2: Persoas que marcan que sí coñecen a alguén:

	GAI	LESBIANA	BISEXUAL	TRANSEXUAL
Non coñezo a ninguén	21,4%	44,3%	49,6%	74,4%
Amistades cercanas	19,8%	6,8%	17,4%	0,9%
Compañeiros/as do instituto	36,5%	18%	28,1%	0,9%
Coñecidos	31%	21,3%	19,8%	3,4%
Familiares	4%	1,6%	0,8%	0%
Profesores/as	5,6%	3,3%	1,7%	0,9%
Personaxes históricos e literarios	23,8%	10,7%	1,7%	0,9%
Personaxes televisión e cine	46%	29,5%	17,4%	24,8%
Non entende a palabra	0%	0%	0%	0%

Pódese ver que existe un descoñecemento importante de referenteslésbicos (44,3%) e, en maior medida, de persoas bisexuais (49,6%) e transexuais (74,4%).


Os datos indican que ninguén dos entrevistados descoñece o significado das palabras expostas, ao contrario que no estudo comparativo, onde o 6,1% indica non coñecer a palabra transexualidade.

A pesar de que aparentemente todos saben o que significa a transexualidade, durante os comentarios surxidos na intervención, púidose observar que teñen unha idea abstracta do que realmente significa. Así, púidose ver cómo un dos alumnos de segundo da E.S.O definía transexualidade como “unha muller que ten pene”. Ademais, algúns docentes tampouco o teñen moi claro xa que ao rematar a enquisa unha profesora preguntou “cal é a diferenza entre ser gai e transexual”. Dito isto, podese poñer de manifesto que a palabra transexual aínda é descoñecida por unha gran parte da poboación, aínda que moitas persoas crean que sí coñecen o significado.

Segundo Pichardo e Molinuevo (2008), coñecer persoas homosexuais fai que diminúan os indicadores e as actitudes homófobas. Estes indicadores van diminuindo a medida que aumenta o grao de cercanía afectiva e emocional co alumno

ou alumna. No seguinte gráfico pode verse como as actitudes ante os homes que mostran a súa afectividade en público son máis negativas entre quenés sinalan que non coñecen a ningún gai que entre quenés teñen algún familiar gai. Aínda así, son poucas as persoas que din non coñecer a ninguen (27) e os que din ter algún familiar gai (5), polo que os resultados poden variar se a poboación aumenta. A pesar diso, podese ver que no estudo que se compara pasa exactamente igual e a poboación é máis alta.

Figura 2: Reacción por persoas con ou sen familiares gais ante dous homes que mostran a súa afectividade en público



Durante os comentarios que foron surxindo nas aulas puidose ver como unha gran maioría de estudantes manifestaban que non eran homófobos xa que non teñen discursos ou pensamentos homófobos ou non realizan accións abertamente homófobas. A pesar diso, tal e como se menciona no estudo de Pichardo e Molinuevo (2008), en moitos casos pódese detectar actitudes homófobas de tipo afectivo ou liberal, as cales poden ser consideradas como actitudes máis sutís. Isto pódese ver ao analizar as respostas á pregunta de “¿Qué te parece que una pareja de dos hombres/dos mujeres muestre sus sentimientos en público de la misma manera que una pareja de hombre y mujer (besos, abrazos, caminar de la mano..?)”

Tal e como se menciona no estudo polo que se rixe este traballo, se marcaron a resposta “me parece mal, no deberían facelo”, estamos falando dunha homofobia explícita e aberta de carácter cognitivo. Se marcan a resposta “me da asco verlo” é un tipo de homofobia de carácter afectivo, se marcan a resposta “me da igual que lo hagan, pero no en público”, atopámonos ante unha homofobia sutil onde se tolera aos homosexuais, pero exclusivamente na área da vida privada. Esta pregunta cruza as respostas coa variable de xénero xa que, tal e como se dectou en estudos anteriores (Martín e Molinuevo, 2005), as rapazas parecen ter menos grados de homofobia que os rapaces.

No estudo que se compara puideron observar que as mulleres tiñan un porcentaxe máis inferior de homofobia os homes, tanto ao pesar en dúas mulleres lesbianas como en dous homes gais. Comentarios como “*mientras que dos personas sean felices juntas; tanto dos hombres, dos mujeres o un hombre y una mujer, mientras se quieran no importa su género*”, “*Tonto o que discrimina aos gays, lesbianas , transexuales e bisexuales*” aparecen escritas nas enquisas realizadas en Rianxo e todas elas pertencen a rapazas. No caso dos rapaces aparecen citas como “*se un compañeiro me dí que é gai non reaccionaria de ninguha desas formas. Simplemente non lle volveria a falar e ao mellor insultariao e se se me acerca pejarialle*”. Neste último caso pódese ver cómo a reacción ante as lesbianas é totalmente oposta, común en moitos dos rapaces.

Figura 3: Reacción ante dous homes que mostran a súa afectividade en público:





Figura 4: Reacción ante dúas mulleres que mostran a súa afectividade en público.



Tal e como podemos ver, hai unha clara diferenza ante as reaccións entre dous homes e dúas mulleres cando miramos a opinión dos varóns. O 75% deles opinan que lles parece ben que dúas mulleres mostren a súa afectividade en público, dato que baixa ata o 64% cando son dous homes os que mostran a súa afectividade. Polo contrario, no sexo feminino, ao igual que pasa co estudo que se compara, os datos son casi iguais, independentemente de se son gays ou lesbianas os que amosan a súa afectividade.

Ademais, algo significativo que non debe pasar desapercibido é que neste estudo o 11% dos rapaces cubriron a casilla de “Dame asco” ao tratarse de dous homes que mostran a afectividade en público, cubrindo esta mesma casilla o 4% cando se trata de dúas mulleres. No caso das rapazas, ningunha cubreu esta casilla, aínda que a un 10% non lle gusta que dous homes fagan iso en público e a un 13% responden o mesmo cando se trata de dúas mulleres. Nos datos aportados polo estudo de FELGTB a diferenza é mais elevada. So ao 34,69% dos homes lles parece ben que dous varóns mostren a súa afectividade en público, fronte a un 57,93% cando son dúas mulleres as que mostran dita afectividade. Nos items e preguntas plantexadas existen diferenzas por sexo, o que pon de manifesto a directa conexión da homofobia co mantemento do sistema de discriminación de xénero, xa que son sistemas de opresión e control interconectados e interrelacionados, e a caracterización da homofobia como un dos rasgos da masculinidade tradicional. Así, a homofobia é un dos principais instrumentos para manter aos homes nos seus roles de xénero e constitue un elemento constitutivo desas masculinidades tradicionais (Pichardo e Molinuevo, 2008). Aínda que estes datos pareceran beneficiar ás mulleres lesbianas en canto ao respecto e tolerancia por parte dos rapaces, a realidade é que se lle da maior aceptación do sexo entre mulleres que entre homes

debido á construción do sexo lésbico como un obxecto de desexo para disfrute do home heterosexual. Nunha das aulas de segundo da E.S.O puidose escoitar como un rapaz decía “aos homes gústanos ver dúas mulleres morreando porque nos pon cachondos pero dous homes non nos gusta velos”.

Por outra banda, atendendo as reaccións ante un compañeiro ou compañeira LGBT, aproximadamente o 8% se cambiaría de sitio se o seu compañeiro ou compañeira fose LGB, fronte a un 14,3% se fose transexual. Así, nesta taboa pode apreciarse como os transexuais teñen unha valoración máis negativa en todos os casos, excepto na resposta de “Intentaría ligar con esa persoa”, onde os gais reciben o 0%. Isto non pasa no estudo polo que nos reximos xa que ahí os gais contan con unha puntuación de 1.4% nesa mesma pregunta. Suponse que isto ven dado debido das 128 persoas so un rapaz se considera gai e unha rapaza bisexual.

Táboa 3: Estudantes que terían as seguintes reaccións se un compañeiro ou compañeira lles di que é LGBT:

	GAI	LESBIANA	BISEXUAL	TRANSEXUAL
Intentaría cambiarme de sitio	8,2%	8,3%	7,8%	14,3%
Non faría nada, pero sentiríame un pouco incómodo/a	20,5%	15,1%	22,6%	31,3%
Non cambiaría a miña actitude, todo seguiría igual	58,2%	65,5%	60%	48,1%
Sentiría máis confianza con esa persoa e apoiaría	21,3%	24,4%	14,8%	11,5%
Intentaría ligar con esa persoa	0%	2,5%	2,6%	0,9%

Vendo a seguinte táboa pódense atopar diferenzas por sexo xa que os rapaces amosan, igual que no estudo que se compara, reaccións máis negativas que as rapazas. No estudo levado a cabo en Coslada e San Bartolomé, cando se trata de persoas lesbianas é no único caso onde existen máis rapazas que rapaces que intentarían mudarse de sitio ou se sentirían máis incómodas. Polo contraio, no presente estudo os rapaces tamén teñen unha visión máis negativa, aínda que os porcentaxes son máis positivos.

Táboa 4: Rapaces que terían as seguintes reaccións se un compañeiro ou compañeira lles di que é LGBT.

	GAI	LESBIANA	BISEXUAL	TRANSEXUAL
Intentaría cambiarme de sitio	13,43%	5,97%	13,43%	22,39%
Non faría nada, pero sentiríame un pouco incómodo/a	37,31%	16,42%	28,36%	34,33%
Non cambiaría a miña actitude, todo seguiría igual	40,30%	56,72%	44,77%	29,85%
Sentiría máis confianza con esa persoa e apoiaría	4,48%	10,45%	5,97%	2,99%
Intentaría ligar con esa persoa	0%	2,98%	2,97%	1,49%
NS/NC	4,48%	10,47%	7,46%	8,96%

Táboa 5: Rapazas que terían as seguintes reaccións se un compañeiro ou compañeira lles di que é LGBT.


	GAI	LESBIANA	BISEXUAL	TRANSEXUAL
Intentaría cambiarme de sitio	1,64%	1,64%	0%	1,64%
Non faría nada, pero sentiríame un pouco incómodo/a	0%	11,47%	11,47%	19,67%
Non cambiaría a miña actitude, todo seguiría igual	67,21%	65,57%	67,21%	52,46%
Sentiría máis confianza con esa persoa e apoiaría	26,23%	18,03%	13,11%	11,47%
Intentaría ligar con esa persoa	0%	1,63%	1,63%	0%
NS/NC	4,92%	8,19%	14,75%	4,92%

Igual que no estudo feito en Madrid e Gran Canaria, existen diferenzas respecto ao grao de transfobia (rexeitamento ás persoas homosexuais) entre rapaces e rapazas. O porcentaxe de mozas que intentarían mudarse de sitio se un compañeiro ou compañeira lle di que é transexual é de 1,64%, mentras que no caso dos mozos, sube ata un 22,39%.

Un 13,43% dos rapaces mudaríanse de sitio se o seu compañeiro fose gai ou bisexual, porcentaxe que sube ata o 37,31% e o 28,36% de mozos que se sentirían incómodos tendo ao lado un compañeiro de clase gai ou lesbiana, respectivamente.

Por outra banda, podemos falar das aulas como espazos especialmente homófobos. Segundo Pichardo e Molinuevo (2008), a elevada existencia de actitudes homófobas entre os estudantes fai que os centros e aulas sexan concebidos como lugares non seguros para as persoas LGTB. Por iso, chegase a percibir o instituto como lugares máis inseguros que a familia, chegando a pensar que nos centros estes e estas adolescentes terán máis dificultades que o resto.

Figura 5: Trato das persoas LGBT na familia, no instituto e na sociedade.



Na figura 5 podemos ver datos preocupantes xa que o 37,8% pensa que unha persoa LGBT recibiría un trato máis inxusto na familia que unha persoa que sexa heterosexual e este porcentaxe sube ao 79,7% no instituto e a un 83,5% na sociedade en xeral. Estes datos son moi semellantes ao estudo realizado en Madrid e Gran Canaria onde os datos son de 32,8% na familia, 76,2% no instituto e 72,6% na sociedade. Así, unha de cada tres persoas afirma que a familia pode ser un ambiente hostil para unha persoa non heterosexual ou transexual e de forma maioritaria percíbese un trato desigual para estas persoas na sociedade e, especialmente, no contexto escolar.

Esta percepción corrobórase ao analizar as respostas á reacción que esperarían os estudantes ante a posibilidade de que revelasen en diversos espazos e redes sociais a súa entidade LGBT. A familia aparece de novo como un espazo menos negativo e con expectativas de apoio, aínda que so estamos falando do 45,7%. A reacción das amizadas aparece máis ambigua posto que un 41,6% non sabe cómo reaccionaría e o 13,6% cren que os rexeitarían. É no contexto escolar onde se presentan máis ameazas, sobre todo por parte dos compañeiros e con unha pasividade importante por parte dos docentes, aínda que destes últimos espéranse menos actitudes abertamente negativas.


Táboa 6: Reacción esperada en diversos contextos vitais dos e das adolescentes ante a posibilidade de que sexan LGBT.

	FAMILIA	AMISTADES	PROFESORADO	COMPAÑE IROS/AS
Pegaríanme ou daríanme unha paliza	2,4%	0,8%	0%	5,6%
Rexeitaríanme	3,1%	13,6%	4,1%	31,2%
Ignorarían o tema	17,3%	19,2%	40,7%	13,6%
Non sei cómo reaccionarían	41,7%	41,6%	33,3%	45,6%
Apoiaríanme	45,7%	31,2%	26%	8%
Intentarían cambiase que	10,2%	12,8%	3,3%	8%

Estes datos son moi semellantes ao estudo de Coslada e San Bartolomé, onde a percepción de maior apoio se centra na familia (53,2%) e os compañeiros/as reciben as puntuacións máis baixas (8,4%). A posibilidade de que dende algúns ámbitos se intentase mudar a orientación sexual fai que ésta se conciba como unha conducta modificable. Así, nunha das clases un dos rapaces fixo a pregunta de “*¿Homosexual nácese ou faise?*”. Menos da metade dos adolescentes cren que a súa familia os apoiaría no caso de que fosen LGBT. Dito porcentaxe baixa ata un 26% no caso do profesorado e a un 8% no caso dos compañeiros e compañeiras. Un 5,6% pensa que podería chegar a recibir palizas e o 31,2% cre que sería rexeitado por estes. Este temor está xustificado despois de escoitar algúns dos comentarios que xurdiron nas aulas mentras que cubrían as enquisas. Un dos rapaces chegou a asegurar que “*o mundo estaría moito mellor sen maricóns*”.

A figura 6 amosa cómo a gran maioría de estudantes presenciaron distintos graos de acoso escolar homófobo:

Figura 6: Estudantes que presenciaron, realizaron ou sufriron as seguintes agresións referidas á orientación sexual homosexual.




Pódese ver que o porcentaxe de persoas que levan a cabo insultos sitúase nun 58,50%, un dato moi elevado se observamos a cifra do estudo de Pichardo e Molinuevo (2008), a cal se atopa nun 30,5%. Así, tal e como podemos ver na gráfica, aseguran que o 3,80% realizou palizas e o 37,90% presenciou ameazas.

Un 3,9% das persoas enquisadas aseguran que é correcto tratar con desprezo a persoas homosexuais e un 5,5% cree que podería selo dependendo do caso (en total 9,4%). O porcentaxe que considera correcto este desprezo é de 5,97% nos mozos, un 14,93% se sumamos aqueles que pensan que dependendo do caso está xustificado ou non.

Os datos do estudo levado a cabo anteriormente amosan que, o total das persoas que consideran correcto este desprezo sube ata o 6% (9% nos homes), sumando un total de 13,4% se engadimos aos que consideran que dependendo do caso.

Figura 7: Estudantes que consideran que os seguintes exemplos de grupos domésticos son familias:



Segundo os datos, parece que o elemento determinante para que se considere unha unidade familiar como tal é a presenza de fillos. Por iso, un maior número de persoas consideran familia a unha nai solteira cos seus fillos que a unha parella heterosexual sen fillos.

Ademais, pódese ver unha clara homofobia sutil xa que hai unha diferenza entre as persoas que consideran como familia a unha parella de home e muller cos seus fillos (125) e a unha parella de mulleres cos seus fillos (106).

Se estudamos o risco de sufrir acoso que teñen os mozos e mozas de familias homoparentais por parte dos seus compañeiros e compañeiras de clase podemos ver que a maior parte dos estudantes non cambiaría nada se un compañeiro ou compañeira lles din que o seu pai ou nai sou homosexuais (55,9%), e incluso un 41,7% agradecería que tivese a confianza de contarllo. A pesar diso, un 13,4% pediríalle que non llo constase a ninguén polo que neste porcentaxe pode verse claramente un exemplo de homofobia sutil, onde a persoa aparentemente acepta a situación pero non quere que se sepa. A un 0,8% (o total homes) non lle gustaría e incluso llo contaría a todo o mundo para mofarse del, un porcentaxe que, aínda que minoritario, non deixa de ser unha homofobia hostil.

A diversidade sexual non está presente no sistema educativo. Aínda que si está no alumnado e profesorado, non se fai visible nas aulas nin nos libros de texto. Tampouco se fala de educación sexual en xeral polo que en moitas ocasións os adolescentes buscan esta información por outros medios.

Táboa 9: Estudantes que lles gustaría recibir información e recibe de feito información de cada unha destas fontes:

	Gustaríalles recibir información de:	Recibe realmente información de:
Nai/Pai	27,8%	16,7%
Irmáns ou outros familiares	9,5%	5,6%
Parella	7,1%	1,6%
Profesorado ou persoal do instituto	18,3%	15,9%
Amizades e compañeiros/as	27%	40,5%
Televisión/radio/libros/revistas	7,9%	20,6%
Internet	11,1%	30,2%
Parroquia ou grupo relixioso	1,6%	0%
Ningún	22,2%	18,3%
Outros	3,2%	3,2%

En moitas ocasións parece que os pais delegan no profesorado esta función de formación en sexualidade dos adolescentes, indicando que en ocasións como pais e nais non recibiron unha formación específica para formar aos seus fillos e fillas nestes temas ou, aínda que a recibisen, consideran importante que nos centros educativos se falen diso (Pichardo e Molinuevo, 2008).

Tal e como podemos ver na taboa anterior, o alumnado demanda información principalmente aos pais e nais, quedando en segundo lugar as amizades, algo preocupante xa que poden conseguir información errónea.

O que chama a atención nesta taboa é que unha gran parte do alumnado (un 22,2%, fronte a un 9.9% no estudo realizado anteriormente) non adquire información de ningún sitio. Durante as intervencións, moitos dos estudantes, a maioría homes, aseguraron que *“aprendo con experiencia propia, non me fai falta conseguir información en ningún lado”* ou *“preguntareille as amigas xa que me da menos vergonza”*.

O profesorado non está formado especificamente en educación sexual polo que é difícil que estes temas se traten na aula de maneira idónea.

Os adolescentes demandan, principalmente, información sobre relacións amorosas e/ou de parella (37,4%) e sobre sexualidade (36,5%). A pesar deste interese, durante o reparto das enquisas, o alumnado informou de que non tiñan ningunha intervención na que tratasen estes temas.

Conclusións

Este estudo, levado a cabo no primeiro cuadrimestre do curso escolar 2014/2015, mostra unha vez máis a importancia de traballar a diversidade sexual nas aulas, tanto cos docentes como cos adolescentes e as súas familias.

Os resultados deste estudo están na línea dos datos obtidos coa investigación levada a cabo en Coslada (Madrid) e San Bartolomé de Tirajana (Gran Canaria) polo que, aínda que non se debe xeralizar, si se pode dicir que hai unha realidade no sistema educativo na que a diversidade sexual é un factor de risco á hora de sufrir acoso escolar.

Os datos aportados pola presente investigación amosan unha importante diferenza entre os mozos e as mozas. Os rapaces manifiestan actitudes homófobas moito máis elevadas que as rapazas, e ditas actitudes poden verse reflexadas de maneira máis hostil, mentras que nas rapazas aparecen máis sutilmente.

Durante o reparto das enquisas puidose ver cómo ademais existe unha discriminación positiva cara as persoas homosexuais xa que moitas rapazas manifestaban que *“encantaríame ter un amigo gai, ten que ser moi divertido”*.

Pola contra, observouse como dous rapaces de dúas clases diferentes amosaban o seu descontento con este colectivo e incluso o resto dos compañeiros era coñecedor das súas idoloxias, as cales non aceptaban e así llo facían saber. A pesar diso, estes rapaces mostrábanse fixos nestas ideas e entendían como única forma válida de diversidade sexual a heterossexualidade.

Os obxetivos xeral foi cumprido xa que se determinou a realidade da diversidade sexual dos cursos de segundo e terceiro da E.S.O do I.E.S Félix Muriel, observando os diferentes índices de resultados. Ademais, puideronse observar cómo a homofobia se presenta en moitas ocasións de forma sutil e en outras de forma hostil, contrastando estes datos cos do estudo de Madrid e Gran Canaria.

Ademais, confírmase que existen altos niveis de acoso escolar homófóbico no sistema educativo. A maior parte das persoas enquisadas aseguran ver ou presenciar burlas e insultos, un exemplo máis de homofobia sutil, aínda que tamén se pode ver homofobia hostil en un pequeno porcentaxe de palizas e ameazas.

Finalmente, indicar que é necesario unha intervención educativa directa no eido da diversidade sexual nas aulas que esté dirixida por profesionais co fin de traballar cos adolescentes, cos docentes e coas familias en xeral.

Referencias

COGAM (2013). Homofobia en las aulas 2013: ¿Educamos en la diversidad afectivo sexual?. Recuperado el 1 de marzo de 2015 de: www.cogam.es/rs/7590/...54ec.../homofobia-en-las-aulas-2013.pdf

Lemus, S. (2007). *Estereotipos de prejuicio de género: automatismo y modulación contextual*. (Tesis Doctoral). Universidad de Granada

- Marchueta, A. (2014). Consecuencias del bullying homofóbico retrospectivo y los factores psicosociales en el bienestar psicológico de sujetos LGB. *Revista de Investigación Educativa*, 32(1), 255-271.
- Penna y Mateos, (2014): Los niveles de homofobia de los futuros docentes: una cuestión de derechos, salud mental y educación. *Revista Iberoamericana de Educación*, 66, 123-142. ISBN: 1022-6508.
- Platero, R. (2008). La homofobia como elemento clave del acoso escolar homofóbico. Algunas voces desde Rivas Vaciamadrid. *Informació Psicológica*, 94, 71-83.
- Platero, R. (2010). Sobrevivir al instituto y a la Facultad: voces y vivencias sobre la heteronormatividad, la homofobia y la masculinidad de las chicas. Documentos 2. *Revista de estudios de juventud*, 89, 39-58.
- Platero, R. e Gómez, E. (2007): *Herramientas para combatir el bullying homofóbico*. Madrid: Talasa.
- Quiles, M; Betancor, V; Rodríguez, R; Rodríguez, A. e Coello, E. (2003): La medida de la homofobia manifiesta y sutil. *Psicothema*, 15(2), 197-204.
- Rodríguez, Y; Lameiras, M. e Carrera, V. (2013): Validación de la Escala de Homofobia Moderna en una muestra de adolescentes. *Anales de psicología*, 29(2), 523-533.
- Soriano, S. (2004). Adolescentes gais y lesbianas en el ámbito educativo: análisis de la realidad y líneas generales para una propuesta educativa, *Orientaciones*, 8.
- Vázquez, F. (2001). Educación: ¿Postura o Actitud?. *Revista Latinoamericana de Estudios Educativos*, 31(1), p. 41-66.

Instituciones político-jurídicas y desarrollo sostenible



**Antón Lois Fernández Álvarez
Gilvan Luiz Hansen
Eder Fernandes Monica
(Organizadores)**

**Guillermo Suárez Blázquez
Edson Alvisi Neves
(Directores)**

Instituciones político-jurídicas y desarrollo sostenible

Antón Lois Fernández Álvarez
Gilvan Luiz Hansen
Eder Fernandes Monica
(Organizadores)

Primera edición: junio 2018

© Derechos de edición reservados. Editorial Dykinson.

ISBN: 978-84-1324-143-2

© Antón Lois Fernández Álvarez, Gilvan Luiz Hansen y Eder Fernandes Monica.

Edición: Dykinson.

Fotografía de cubierta: www.freepik.es

Producido por: Congreso Euroamericano de Derecho e Política

Ninguna parte de esta publicación, incluido el diseño de cubierta, puede ser reproducida, almacenada o transmitida en manera alguna y por ningún medio, ya sea electrónico, químico, mecánico, óptico, de grabación, en Internet o de fotocopia, sin permiso previo del editor o del autor. Todos los derechos reservados.

«Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra sólo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley.

Directores de la Publicación

Guillermo Suárez Blázquez

Catedrático de Dereito Romano e Sistemas Xurídicos Comparados
Universidade de Vigo

Edson Alvisi Neves

Catedrático da Faculdade de Direito
Universidade Federal Fluminense

Comité científico

Ana Garriga Domínguez

Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.

Ana Paula Almeida Brandão

Escola de Economía e Gestión da Universidade do Minho.

Alvaro Xosé López Mira

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

André Hacl Castro

Facultade de Dereito da Universidade Federal Fluminense.

Antón Lois Fernández Álvarez

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Antonio Carlos Pereira Menaut

Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Antonio Presedo Garazo

Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Argimiro Rojo Salgado

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

Celso Cancela Outeda

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Clara Isabel Fernández Rodicio

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Constantino Cordal Rodríguez

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

David Casado Neira

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Eder Fernández Mónica

Facultade de Dereito da Universidade Federal Fluminense.

Edson Alvisi Neves

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Eduardo Manuel Val

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Enrique Xosé Varela Álvarez

Faculdade de Ciências Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Fernanda Franklin Seixas Arakaki

Faculdade de Ciências Gerenciais de Manhuaçu.

Fernanda Pontes Pimentel

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Gilvan Luiz Hansen

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Guillermo Suárez Blázquez

Faculdade de Dereito da Universidade de Vigo.

Isabel Estrada Carvalhais

Escola de Economia e Gestão da Universidade do Minho.

José António Passos Palmeira

Dpto. de Ciência Política e Relações Internacionais da Universidade do Minho.

Luís Rodríguez Ennes

Faculdade de Dereito da Universidade de Vigo (emérito).

María López Díaz

Faculdade de Historia da Universidade de Vigo.

Mónica López Viso

Faculdade de Ciências da Educación da Universidade de Vigo.

Rosa María Ricoy Casas

Faculdade de Ciências Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Sergio Gustavo de Mattos Pauseiro

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Sérvio Túlio Santos Vieira

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Wladimir Brito

Escola de Direito da Universidade do Minho.

Xosé Mahou Lago

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Xulio Ríos Paredes

Presidente do IGADI.

Índice

Prólogo

10-11

Parte I. Política e instituciones

19-104

Política y ciencia política: los retos de gobernabilidad de las sociedades actuales

Argimiro Rojo Salgado

20-35

Política, ciencia política y escuela de gobierno

Paloma Román Marugán

36-42

Sobre contextos, transplantes de modelos e ficções ou mitos institucionais nas relações entre a União Européia e o Mercosul

Eduardo Manuel Val

43-48

O imperativo categórico do centralismo no modelo territorial español

Álvaro Xosé López Mira

49-62

As institucións político-jurídicas ante as exigências do desenvolvemento sustentábel

Gilvan Luiz Hansen

63-69

Una mirada europea a la integración latinoamericana en la actualidad

Celso Cancela Outeda

70-85

Los derechos civiles: tendencias en la investigación mundial

Antón Lois Fernández Álvarez; Esther M. Salmerón-Manzano

86-104

Parte 2. Economía, trabajo y desarrollo sostenible

105-262

La cooperación como herramienta para un nuevo modelo de crecimiento económico inteligente en la eurrregión Galicia-Norte de Portugal: hacia una década perdida

Bruno González Cacheda

106-122

Economía circular como una nova forma de conciliação entre a livre iniciativa e o estado de bem estar social no Brasil e em Portugal

Eduardo Manuel Val, Wilson Tadeu de Carvalho Eccard y Wilson Danilo de Carvalho Eccard
123-137

Conflicto Pandillas–Estado. Consecuencias en el desarrollo local de El Salvador

Kevin Alberto Martínez Reyes; José Javier Navarro Pérez; Francesc Xavier Uceda i Maza
138-152

Reconceptualizar para avanzar. Trabajo social y educación social como disciplinas transformadoras en el campo de la economía social y solidaria

Alexandre Alonso Carnicero; Sara Martínez-Carrera
153-164

El contexto globalizador capitalista: apostando por un trabajo social marxista

Ana Belén Méndez Fernández; José Ignacio Salazar Bernard; Evelia Murcia Álvarez
165-179

Dentro de la administración y al lado (¿o enfrente?) de las personas usuarias. Trabajo social: una lectura desde la teoría de la implementación

Xoán Lombardero Posada; José Javier Navarro Pérez
180-190

Trabajando la sostenibilidad en la formación inicial del profesorado. Un programa multidisciplinar con RAEE

M^a Isabel Doval-Ruiz; M^a Esther Martínez-Figueira; Manuela Raposo-Rivas
191-202

La economía del bien común: puntos clave y aportaciones al trabajo social

Evelia Murcia Álvarez; Francisco Xabier Aguiar Fernández; Ana Belén Méndez Fernández
203-214

Trabajo social crítico y comprometido desde la responsabilidad social universitaria con metodología aprendizaje-servicio desde el territorio próximo

Mercedes Botija; José Javier Navarro-Pérez; Ángela Carbonell Marqués
215-228

La consolidación del derecho al agua. Estudio del caso brasileño

Germana Aguiar Ribeiro do Nascimento; María Vallés González
229-240

Ética Empresarial e Compliance à luz do Estado Democrático de Direito

Clodomiro José Bannwart Júnior.
241-254

Emprego e economia sustentável. Uma revisão desde as teorias económicas

Antón Lois Fernandez Alvarez; Andréia Almeida Mendes; Fernanda Franklin Seixas Arakaki; Leônidas Meireles Mansur Muniz de Oliveira
255-262

Parte 3. Política, estado y democracia

263-446

El delito de financiación ilegal de los partidos políticos en el Código Penal Español

Natalia Pérez Rivas
264-277

El pueblo y la ley: la reelección como conflicto en Ecuador, Paraguay y Bolivia (2016-2018)

Mariana S. Leone; Eduardo Tamayo Belda; Gonzalo Vitón
278-299

TICS y democracia: situación actual y retos futuros

Nuria Rodríguez-López; M. Eva Diz-Comesaña
300-312

Democracia procedimental deliberativa no estado regulador brasileiro

Pedro Henrique de Paula Morais; Marcella da Costa Moreira de Paiva
313-325

Democracia, estado de direito e Administração Pública: o desafio brasileiro

Gilvan Luiz Hansen; Sérgio Túlio Santos Vieira
326-343

Controle de convencionalidade na garantia de direitos fundamentais no Brasil – análise da jurisprudência da Corte Interamericana de Direitos Humanos

Alice do Rêgo Monteiro Frazão; Carolina de Carvalho Byrro; Sérgio Gustavo de Mattos Pauseiro
344-359

Captura no setor de saúde suplementar brasileiro: uma perspectiva polissêmica e empírica

Edson Alvisi Neves; Pedro Fortes; Eduardo Chow Martino Tostes
360-372

A proteção brasileira dos menores refugiados: um legado humanitário no Estado Democrático de Direito

Ana Paula da Silva Sotero; Thaíse Ribeiro Santos Lima; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
373-388

A evolución do estado autonómico. Da descentralización asimétrica á recentralización uniformista

Constantino Cordal Rodríguez
389-404

Diálogo de Cortes constitucionais como elemento norteador da adoção de tutelas voltadas ao desenvolvimento sustentável e eficiência das instituições jurídicas e políticas

Luis Renato Ribeiro Pereira de Almeida; Gleison Heringer Vieira Domingues; Isabela Alves Daudt
405-418

O conflito entre a liberdade religiosa, o poder estatal e o fenômeno das migrações de refugiados no Brasil

Sabrina de Cássia Arantes Moreira Leite; Sérgio Gustavo de Mattos Pauseiro
419-437

O direito ao esquecimento na modernidade: matizes e controvérsias

Gilvan Luiz Hansen; Maria Alice Marques da Fonseca; João Victor Santilli
438-446

Parte 4. Cooperación internacional y resolución de conflictos

447-582

Justicia restaurativa: métodos alternativos de abordaje y resolución de conflictos

Isabel Alonso Rodríguez; Martha Frías Armenta
448-460

Justiça restaurativa como mecanismo de solução de conflitos na área criminal-ambiental: a efetividade do direito transnacional do meio ambiente

Ana Paula da Silva Sotero; Thaíse Ribeiro Santos Lima; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
461-476

Efecto de la mediación familiar: produce bienestar y previene los conflictos

María Milagros Armas Arráez
477-489

¿Hacia dónde va la cooperación Sur-Sur brasileña? Apogeo y crisis de un modelo alternativo para el desarrollo

Diego Sebastián Crescentino
490-503

Análise sobre a dificuldade de amar o próximo mediante a perspectiva de Zygmunt Bauman sobre conflitos

Charles da Silva Nocceli; Anna Carolina Cunha Pinto; Marcella da Costa Moreira de Paiva
504-518

Direito comparado em matéria urbanística: busca de pragmatismo metodológico na interseção científica

Mariana Devezas Rodrigues Murias de Menezes; Mario Augusto M. de Menezes Jr
519-534

A arbitragem de investimento e as peculiaridades do ICSID: uma visão em torno da proteção dos direitos fundamentais

Beatriz Bazaglia Sanches; Maria Eduarda Garcia Gagliardi; Marcella da Costa Moreira de Paiva
535-551

Impacto social de la mediación comunitaria

M^a Milagros Armas Arráez; Isabel Alonso Rodríguez
552-562

Justiça restaurativa ambiental e participação cidadã: a construção do diálogo internacional para a proteção do meio ambiente

Ana Paula da Silva Sotero; Larissa Magalhães Aguiar; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
563-578

Educando en la prevención de conflictos y violencia escolar

Isabel Alonso Rodríguez; Martha Frías Armenta; Jennifer Espinoza; María Milagros Armas Arráez
579-582

Parte 5. Género y sexualidad

583-706

La complementariedad heterosexual en “Los n° 1 de 40 principales 2016”

Lorena Costas Caride; María Victoria Carrera-Fernández
584-599

Análisis del fenómeno del sexting desde la perspectiva de género

Patricia Alonso-Ruido; Yolanda Rodríguez-Castro; Rosana Martínez-Román
600-610

“Los chicos tienen que besar a las chicas y casarse”: discursos de niños y niñas de educación infantil sobre la homosexualidad

Nuria Álvarez-Rodríguez; María Victoria Carrera-Fernández; Xosé Manuel Cid Fernández

611-623

Piropos sobre la apariencia física y el cuerpo sexuado: ¿se disfruta o se rechazan?

Raquel Lois Gómez; María Lameiras Fernández; Yolanda Rodríguez Castro

624-637

A diversidade sexual nas aulas: homofobia e transfobia

Cristina Piñeiro Rial; Clara Isabel Fernández Rodicio

638-654

Agresiones sexuales hacia las mujeres: vieja trampa del patriarcado

Rosana Martínez Román; Yolanda Rodríguez Castro; Patricia Alonso Ruido

655-667

A modernidade ilustrada e o patriarcado dos dereitos. Avances e perspectiva crítica sobre a igualdade

Xosé Manuel Pacho Blanco

668-680

As casas de abrigo feministas em Portugal: a perspectiva da equipe técnica

Yolanda Rodríguez-Castro; María Jose Magalhães; Patricia Alonso-Ruido

681-695

Otras violencias de género en la adolescencia: aportaciones de la pedagogía QUEER

María Victoria Carrera-Fernández; Xosé Manuel Cid-Fernández; Antonio González-Fernández

696-706

Parte 6. Educación, familia y infancia

707-850

El matrimonio y la familia en las Etymologiae de Isidoro de Sevilla

Alejo Manuel Diz Franco

708-723

La adopción como beneficio social

Leopoldo Cadaya Vidal

724-736

El sistema de protección de menores: una aproximación al estudio desde el servicio de familia y menores de Ourense

M^a Isabel da Costa Fernández
737-756

La importancia de la competencia social en jóvenes que cumplen medida judicial educativa en medio abierto

Noelia García Ferreiro; Clara Isabel Fernández Rodicio
757-763

La psicología del testimonio en menores

María Milagros Armas Arraéz
764-773

La situación de las madres en prisión con hijos menores de edad

Clara Isabel Fernández Rodicio; Leopoldo Cadaya-Vidal; Marcella Da Costa Moreira Paiva
774-780

Qué entienden las Universidades públicas españolas por enseñanza no presencial: aproximación al estudio los Másteres online

Mónica López-Viso; Xosé-M^a Mahou-Lago; Enrique-José Varela-Álvarez; Sonia Álvarez López
781-792

Estilos educativos familiares como factor de riesgo en jóvenes con medida judicial

Noelia García Ferreiro; Clara Isabel Fernández Rodicio
793-800

Aprendizaje y desarrollo sostenible en espacios físicos de centros educativos desde la óptica de alumnado de primaria

Santiago Eduardo Pato Rodríguez
801-814

Educación para el desarrollo sostenible: una dinámica de transformación

Sara Martínez-Carrera; Alexandre Alonso Carnicero; Isabel Martínez Carrera
815-827

Judicialização da educação brasileira

Isabela Alves Daudt; Luis Renato Ribeiro Pereira de Almeida; Gleison Heringer Vieira Domingues
828-839

La educación como cimiento del desarrollo sostenible

Leopoldo Cadaya Vidal
840-850